XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# O COMITÉ DE ÉTICA ASISTENCIAL DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA ABRE A CONVOCATORIA PARA A RENOVACIÓN DOS SEUS MEMBROS

**Santiago, 13 de outubro de 2021.- O Comité de Ética Asistencial** da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza abre a convocatoria para a renovación de sete dos seus membros.

O Comité de Ética Asistencial é un órgano de asesoramento, consultivo e interdisciplinario, ao servizo dos profesionais e usuarios dos centros sanitarios que integran a Área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza. Pretende ser elemento facilitador e cohesivo para a resolución dos conflitos éticos que pode presentar a actividade asistencial. A súa finalidade inmediata é a mellora da calidade da asistencia sanitaria dende a dimensión ética da práctica clínica. Os seus fins serán sempre de interese xeral.

A composición do Comité é interdisciplinaria e procúrase que nel estea representada a diversidade de sensibilidades propia do entorno socio-hospitalario. É por iso que a integración no Comité está aberta a todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde que traballen na área, pero tamén a cidadáns preocupados e interesados pola mellora da asistencia sanitaria.

Para formar parte do CEA é desexable ter formación en ética, pero tamén mostrar unha actitude favorable ao diálogo e a deliberación, que facilite a construción de vías de actuación enmarcadas nos principais valores que, como sociedade, desexamos que rexan o noso sistema público de saúde.

Formar parte do Comité non ten contraprestación económica e require dun compromiso de tempo e de traballo. A actividade ordinaria inclúe unha reunión mensual no CHUS (de 8:30h a 11h), instrución de casos, elaboración de informes e reunións extraordinarias. Trátase dun traballo compartido e repartido entre os integrantes.

A presentación a esta convocatoria debe ser a título individual, nunca en representación de ningunha asociación ou colectivo.

Quen desexe participar na actividade deste Comité pode solicitalo mediante un correo electrónico dirixido á presidencia do Comité (cea.santiago@sergas.es) no que conste:

**Na liña Asunto**: *Convocatoria Comité de Ética Asistencial*

**No texto da mensaxe de correo deberás incluír**:

*Nome e Apelidos:*

*Idade:*

*Profesión:*

Gabinete de Comunicación e Imaxe
Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela
Travesía da Choupana s/n
T. 981 950 023 // 981 950 967
Prensa.santiago@sergas.es
www.xxisantiago.sergas.gal

UNIÓN EUROPEA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

*Centro de Traballo:*

*Estudos realizados:*

*Formación específica en ética asistencial e/ou bioética:*

*Dirección de correo electrónico:*

*Teléfono:*

*Lugar de residencia:*

***É imprescindible que engada unha breve exposición da motivación para presentarse:***

O prazo de solicitude finaliza o 31 de outubro de 2021.

A selección de solicitantes será realizada polo propio Comité atendendo a criterios de de cualificación e experiencia, formación en bioética, representación equilibrada de áreas asistenciais en maior risco de conflito ético, e presenza de persoas non integradas laboralmente na Institución.

**Saúdos,**

Gabinete de Comunicación e Imaxe
Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela
Travesía da Choupana s/n
T. 981 950 023 // 981 950 967
Prensa.santiago@sergas.es
www.xxisantiago.sergas.gal

UNIÓN EUROPEA